

NOTA DE PRENSA

Profesionais da psicoloxía afondan na elaboración de informes periciais relacionados con dano cerebral

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2017 - O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través da Sección de Psicoloxía Xurídica, organiza mañá sábado 11 de febreiro un obradoiro no que se tratará a formación específica para levar a cabo informes periciais en casuísticas relacionadas co dano cerebral. O lugar da formación será a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e nela participarán unha trintena de psicólogos e psicólogas, tanto profesionais como estudantes.

Esta formación especializada pretende dotar as persoas participantes cos métodos de avaliación propios, específicos e adaptados da neuropsicoloxía para a elaboración de informes periciais, e na xornada abordaranse distintos exemplos e casos prácticos.

A docente é a psicóloga andaluza Candela Gracia Morilla, docente na Universidade Pablo de Olavide de Sevilla para o dobre grao de Criminoloxía e Dereito. Conta con formación nas técnicas e procedementos de avaliación forense da Unidade de Psicoloxía Forense da Universidade de Santiago de Compostela, con autorización para a utilización de estas técnicas e procedementos, e é colaboradora externa do grupo de investigación en Psicoloxía Xurídica da USC. Conta cun máster en Criminoloxía e Ciencias Forenses pola Universidade Pablo de Olavide de Sevilla e máster en Psicoloxía Forense pola Asociación Española de Psicoloxía Condutual e o Instituto Europeo de Psicoloxía Aplicada, así como máster en Mediación Familiar, Civil, Social e Xustiza Restaurativa pola Universidade de Sevilla. Gracia Morilla é ademais presidenta da Asociación Corporativa de Psicoloxía e Intervención Forense.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:

981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal